

6.- ENGADIR ETIQUETAS

Para que serve unha etiqueta?

Unha etiqueta serve como un espazador dentro da aparencia xeral dun curso de Moodle. As etiquetas poden usarse para engadir bñers ou descrições con texto, imaxe, multimedia ou código, que nos permiten diferenciar e resaltar diferentes áreas ou seccións dentro dun mesmo tema. É un recurso moi versátil que pode axudar a mellorar a aparencia dun curso se se usa de forma intelixente e moderada.

Insertar etiquetas

De maneira xeral, as etiquetas colócanse para separar diferentes tipos de contidos na páxina principal do curso, para separar os contidos das actividades ou para separar as diferentes partes nas que se divide un curso ou un tema. Unha etiqueta pode estar formada por unha única palabra), un texto, unha imaxe, unha ligazón ou calquera combinación deste elementos.

Como se crea unha etiqueta?

Para engadir unha nova etiqueta, o procedemento será o mesmo que nos recursos anteriores.

